NO CAMPO, NA PRAIA OU NA MONTAÑA,

A LECTURA SEMPRE EN BOA COMPAÑA!!!

"Os libros son abellas que transportan o pole da sabedoría
dunha mente a outra."

James Rusell Lowell



Leandro Lamas

BIBLIOTECA MANUEL MARÍA
IES URBANO LUGRÍS



Desde os 12 anos

Estamos no verán!, novela-disco de Charo Pita e Xoán Curiel, Galaxia, 2014

Un traballo literario e musical que vai chamar poderosamente a atención de pequenos e grandes. Ademais do proxecto musical, 'Estamos no verán!!!' é tamén un proxecto literario. O libro que acompaña o CD de Xoán Curiel, da autoría de Charo Pita, cóntanos a historia dun grupo de amigos que, co comezo do verán, van tentar cumprir o seu soño de formar un grupo de rock and roll. Escrito en xeito de diario, conta cun traballo de ilustración sorprendente do artista Iván R. Sen dúbida, un traballo singular absolutamente novidoso dentro da edición galega.

El libro de la regla (todo lo que temes preguntar pero tienes que saber), de Karen e Jennifer Gravelle, Medici, 1998.

Una guía práctica y realista que responde a cualquier duda que puedan tener las adolescentes sobre la regla, desde qué es y qué se siente, hasta cómo elegir compresas y tampones, sin olvidar cómo hablar del tema con los padres.

Alaia e a deusa, de Tomás González Ahola, Urco Editora, 2014



Alaia, unha moza da tribo dos nerios, ten que abandonar o seu castro natal para ir traballar á cidade de Thaladé, construída enriba do bravo Mar Poñente. Alí coñecerá a crueldade dos amos e as contradicións da mal chamada civilización, mais tamén descubrirá o maior dos segredos que gardan os seus túneles ancestrais. Así e todo, a máis grande aventura de Alaia será coñecer ese prodixioso misterio que se agocha no corazón do ser humano: o amor verdadeiro.

Desde os 14 anos

O xogo de Ender, de Orson Scott Card, Urco Editora, 2012



A humanidade descobre que non está soa no Universo no peor dos escenarios posíbeis: os abázcaros intentan, por dúas veces, conquistalos e aniquilalos e só a sorte e a intuición dun líder lendario logran salvala. En 2070 o medo a unha terceira invasión é omnipresente. Todos os países unidos baixo un único mando fan unha última aposta desesperada: comezan a adestrar nenos para que defendan a Terra dos abázcaros, e Andrew Ender Wiggin, un destes pequenos soldados, pode ser a última esperanza da humanidade. O mellor xeito para que aprendan a facer a guerra é a través de xogos fantásticos que dan nome a esta obra e que determinarán o futuro, non só do protagonista, senón tamén da raza humana e, se callar, tamén da abázcara.

Eskoria, de Alfredo Gómez Cerda, Ed. SM, 2006



Diego no se siente distinto de sus compañeros de instituto, aunque no le gusten las mismas cosas que a ellos. Por eso no entiende que algunos no le dejen en paz y haya empezado a recibir todo tipo de amenazas. Su mente lúcida trata de comprender los motivos del acoso al que le someten, pero le resulta imposible. Siente que le están empujando hacia un pozo sin fondo.

Galiza, CD de Kepa Junkera, 2014



Un Espectáculo único, unha viaxe pola cultura e os sons de Galiza da man do máis importante e influínte músico euskaldún, acompañado polos mellores mestres galegos: Xabier Díaz e as Adufeiras de Salitre, Luar na Lubre, Budiño, Cristina Pato, Susana Seivane, Leilía, os Cempés, SonDeSeu, Uxía, Treixadura, Davide Salvado, e máis. Unha delicia por descubrir!

Máis de 16 anos

Las inviernas, de Cristina Sánchez Andrade, Anagrama, 2014



Galicia, años 50. Dos hermanas, Dolores y Saladina. Las une un pasado oscuro, la pasión por el cine, el raro vínculo de quienes se necesitan y se detestan a la vez. Este es el telón de fondo de Las inviernas, una novela en la que Cristina Sánchez-Andrade se reafirma como una narradora potente, capaz de confeccionar belleza y fiereza en una historia total.

A viaxe de Gagarin, de Agustín Fernández Paz, Xerais, 2014



Doce de abril de 1961: o cosmonauta Iuri Gagarin convértese no primeiro ser humano en viaxar ao espazo exterior. Comezaba a era espacial, e tamén unha década que traería grandes cambios. Cincuenta anos despois, Miguel Mendiguren, un home na fronteira dos sesenta anos, mentres vela os días derradeiros da súa nai nun cuarto de hospital, lembra a proeza do cosmonauta ruso. Daquela el tiña dez anos e gañara un concurso escolar de redacción cun traballo sobre esa primeira viaxe espacial. A raíz diso, os outros nenos pasan a chamarlle Gagarin, un sobrenome que o acompañará durante toda a súa infancia e adolescencia. Mentres se apaga a vida da nai, Miguel lembra os seus anos mozos, na Coruña da década dos sesenta. Os seus rexentan unha imprenta e unha libraría de barrio, aparentan ser unha familia coma as outras. Mais esconden perigosos segredos que Miguel irá desvelando a medida que se abre á complexidade da vida. Unha vida na España desa época, coa ditadura de Franco e a represión das liberdades máis básicas.

Los que sobraban, de Gotz Aly, Crítica, 2014

Entre los crímenes más conocidos del nazismo figura el asesinato de unos 200.000 alemanes que entre 1939 y 1945 fueron víctimas de la eutanasia por ser enfermos incurables, débiles mentales, epilépticos o discapacitados, lo que los convertía en una carga innecesaria para el presente y en un riesgo para el mantenimiento de la pureza racial; convenía, además, liberar recursos médicos y camas de hospital para los soldados que podían resultar heridos. La mayoría de quienes sufrieron alguna de estas pérdidas lo mantuvieron en secreto, o por vergüenza o para no cargar con el estigma de admitir una enfermedad hereditaria en la familia. Y lo siguieron callando después.

O EQUIPO DA BIBLIOTECA MANUEL MARÍA DESÉXAVOS
UNHAS BOAS VACACIÓNS DE VERÁN!!!